

● **Museo de Historia Natural "Luís Iglesias"**
 Facultade de Química. Avda. das Ciencias s/n. Campus Sur
 15782 Santiago de Compostela.

Ofertase este roteiro como complemento das visitas guiadas ao patrimonio natural da USC (visita á exposición permanente do Museo e roteiro).
 Tamén hai a posibilidade de que en ditas visitas se opte por facer so este roteiro.

VENDA E RECOLLIDA DE ENTRADAS:
 Museo Luís Iglesias, Tel +34 981 593 589
 Pazo de Fonseca, Pza de Fonseca
 Unitenda, Pza de Praterías Tel +34 981 555 268

INFORMACIÓN E RESERVAS:
 Oficina de Congresos da USC
 Tel: +34 981 554 696
 xestioneventos@usc.es

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Turismo

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
 Dirección Xeral de Conservación da Natureza

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa



CONCELLO DE SANTIAGO
 Cultura e Centros Socioculturais
 Promoción Económica, Emprego,
 Comercio e Turismo



VICERREITORÍA DE CULTURA

IMPRESO EN PAPEL RECICLADO

PATRIMONIO NATURAL

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Roteiro guiado polos xardíns do Campus Sur




VICERREITORÍA DE CULTURA



O Campus Sur, inicialmente chamado Residencia de Estudiantes, foi deseñado polo arquitecto Genaro de la Fuente no ano 1930, coa idea de crear unha "Cidade Verde", que integrase edificacións con espazos libres e axardinados, en contraste coa cidade histórica. "Se o século XIX fixera da cidade unha montaña de pedras e tixolos, o século XX aspira a convertela nunha masa de xardíns" sintetiza o espírito do proxecto orixinal.

O roteiro desenvólvese na parte máis antiga do Campus Sur que data do período 1941-1960, época na que se inauguran os Colexios Maiores Rodríguez Cadarso, Fonseca e San Clemente; o Observatorio Astronómico, o actual Auditorio (antes ximnasio), a facultade de Químicas (orixinalmente Fac. de Ciencias) e os edificios de servizos (anteriormente vivendas de profesores). Entre estas edificacións, seguindo o esquema inglés de "College-Sport", estableceéronse áreas axardinadas, fontes, un estanque e instalacións deportivas.

Durante o percorrido pódese apreciar nos xardíns a influencia do estilo italiano, que aínda se mantén do proxecto orixinal, e prestarase especial atención a algunha das árbores máis salientables, como as das especies que se expoñen a continuación.



- 1 Magnolia grandiflora (Magnolio común).** Destaca entre as coníferas que a rodean polas súas grandes flores e follas, ademais das abondosas raíces superficiais.



- 2 Camellia japonica (Camelia).** O conxunto de camelios que bordean o paseo lembra aos xardíns de moitos pazos galegos. Estes arbustos cultívanse desde tempos remotos en Galiza e xa están totalmente integrados na cultura galega.



- 3 Cryptomeria japonica elegans (Criptomeria).** Debido á súa tendencia a producir pólas horizontais, capaces de alcanzar o chan e botar raíces, esta planta é unha das que ocupa maior superficie. No inverno adquire unha intensa cor avermellada que lle confire unha grande beleza.



- 4 Ginkgo biloba (Xinkgo).** As súas follas en forma de abano de cor dourada no outono fan esta especie única. Estas árbores, igual que todas as da súa especie, son auténticos fósiles viventes, xa que conservan as mesmas características que tiñan os seus antepasados fai millóns de anos.



- 5 Cedrus deodara (Cedro do Himalaia).** Estes cedros, igual que os cedros do Atlas, son as árbores de maior tamaño do Campus Sur. Algúns teñen 4m de perímetro e foron plantados nas primeiras fases de axardinamento da antiga Residencia Universitaria.



- 6 Fagus sylvatica (Faia).** Xunto coas aciñeiras, carballos, bidueiros, etc. son os representantes neste xardín dos bosques caducifolios atlánticos silvestres en Galiza. A súa altura, en torno a 19 metros, as sitúa como as árbores máis altas do Campus.



- 7 Quercus ilex (Aciñeira).** Orixinaria dos bosques autóctonos da rexión mediterránea é pouco frecuente nos xardíns galegos.



- 8 Paulownia tomentosa (Paulonia).** Exemplos de grande tamaño, considerados como uns dos avós das árbores do Campus.



- 9 Prunus cerasifera pissardii (Ameixeira de flor).** A mellor época para contemplar estes exemplares é a principios da primavera xa que, cando se atopa en plena floración, dan un vistoso colorido branco rosado ao estilo xaponés.



- 10 Melaleuca armillaris (Melaleuca).** Exemplo de grande orixinalidade polo seu porte vigoroso e recurvado e as súas flores agrupadas a modo de escoba limpiatubos.